

Novas prácticas lingüísticas dos falantes urbanos mozos de Londres e Madrid. Un estudo contrastivo baseado en corpus

New language practices of urban youths in London and Madrid. A contrastive corpus-based study

Ignacio M. Palacios Martínez^{1,a} , Paloma Núñez Pertejo^{1,b} 

¹ Universidade de Santiago de Compostela, España

✉ ^aignacio.palacios@usc.es

✉ ^bpnunez.pertejo@usc.es

Recibido: 06/02/2024; Aceptado: 30/04/2024

Resumo

Londres e Madrid convertéronse a finais do século xx en centros urbanos cunha proporción moi elevada de poboación nova e inmigrante. Isto tivo un grande impacto na súa paisaxe lingüística coa creación dun multietnolecto. Como resultado, xurdiu en Londres unha nova variedade que se coñece como “Inglés Multicultural de Londres”. No caso de Madrid, o conglomerado de falantes procedentes de diversas minorías lingüísticas non é tan visible como en Londres, aínda que tamén ten a súa incidencia na variedade do español empregado. Tomando o anterior como punto de partida, neste traballo prestarase atención aos efectos do contacto de linguas, así como a casos de cambio e innovación lingüística. Analizamos mostras tomadas de diversos corpus, tales como *COLT (The Bergen Corpus of London Teenage Language)* e *LEC (London English Corpus)* para o inglés, e *COLAm (Corpus Oral de Lenguaje Adolescente de Madrid)*, para o español. Os resultados indican que no caso do Inglés Multicultural de Londres existen moitos termos procedentes do inglés caribeño, así como do árabe, da xerga coloquial americana e tamén do español, o italiano e o francés. No caso do Español de Madrid obsérvanse vocábulos doutras variedades do español, así como do inglés, e de falantes pertencentes a sectores marxinados da sociedade. Ademais disto, atopamos exemplos de innovación nos denominados verbos citativos, así como nos intensificadores, retrousos invariantes, vocativos, formacións mutiladas, etc. Este traballo confirma que o contacto lingüístico e unha poboación nova e etnicamente diversa constitúen a perfecta combinación para a innovación e o cambio lingüístico.

Palabras clave: cambio lingüístico; innovación lingüística; linguaxe xuvenil; multietnolecto; lingua vernácula urbana.

Abstract

At the end of the twentieth century, London and Madrid became large cities with a high proportion of young, immigrant population coming from different countries and cultures. This had a great impact on their linguistic landscape with the creation of a multiethnolect. As a result, a new language variety known as *Multicultural London English* emerged in London. In the case of Madrid, the conglomerate of speakers from different origins and linguistic minorities is not so visible although this condition also had a bearing on the variety of Spanish spoken here. This paper focuses on the role of language contact and cases of linguistic innovation. We analyse samples extracted from different youth language corpora, such as COLT (*The Bergen Corpus of London Teenage English*) and LEC (*London English Corpus*) for English, and COLAm (*Corpus Oral de Lenguaje Adolescente de Madrid*) for Spanish. The findings indicate that, in the case of Multicultural London English, there are many terms of Caribbean origin together with some others from Arabic, American English slang, Spanish, Italian, and French. In the variety of Spanish spoken in Madrid we also identify terms from other dialects of Spanish together with words from English and from other speakers belonging to marginal sectors of society. Examples of innovation in the use of quotatives as well as in the categories of intensifiers, invariant tags, vocatives, clipped forms, etc., are also singled out and discussed. This paper confirms that language contact plus a young and an ethnically diverse population constitute the perfect combination for innovation and language change.

Keywords: language change; language innovation; youth language; multiethnolect; urban vernacular language.

1. INTRODUCCIÓN

Londres e Madrid, ao igual que outras grandes urbes europeas, e tamén de todo o continente, convertéronse a finais do século XX en centros urbanos cunha proporción moi elevada de poboación nova e inmigrante procedente de diversos países, razas e culturas. Isto tivo un grande impacto na paisaxe lingüística destas cidades coa creación dun multiethnolecto (Clyne 2000; Cheshire et al. 2011), tamén denominado por outros autores “lingua vernácula urbana contemporánea” (Ramptom 2015, 2017) ou “estilo de expresión da mocidade urbana” (Wiese 2009; Nortier & Svendsen 2015). Outras denominacións utilizadas, segundo o país en cuestión, son: *Straataal* (*fala da rúa*) nos Países Baixos, *Kiezdeutsch* (*alemán do barrio*) en Alemaña, *verlan* (*á inversa*) en Francia, *Kebabnorsk* (*lingua urbana*) en Noruega, e *gaul* (*xerga*) en Indonesia.

Como resultado da influencias de todos estes factores, xurdiu en Londres unha nova variedade coñecida como “Inglés Multicultural de Londres” (IML; Cheshire et al. 2011; Kerswill et al., 2013; Palacios Martínez 2021). No caso de Madrid, o conglomerado de falantes de diferentes orixes e minorías lingüísticas non é tan visible como en Londres, aínda que tamén existen grupos de falantes diversos, circunstancia que ten a súa incidencia na variedade do español empregado nesta comunidade (Gavilanes Franco & Cianca Aguilar 2018).

O Inglés Multicultural de Londres é, polo tanto, unha variedade lingüística empregada por falantes de orixe diversa, presente en moitos distritos do centro e leste da capital británica, zonas cunha alta porcentaxe de poboación nova e inmigrante onde se combinan variedades locais con outras do resto do Reino Unido e de falantes de procedencia caribeña, especialmente de orixe xamaicana, da India e tamén de Asia e do norte de África (Cheshire et al. 2011), circunstancia que incrementa de xeito considerable a natureza multicultural deste dialecto. Pódese entón afirmar que o Cockney, tradicionalmente asociado á cidade de Londres,

foi substituído por esta nova variedade, denominada por Fox (2015) o *novo Cockney*¹. Cómpre asemade lembrar que Londres sempre foi un centro de innovación lingüística desde un punto de vista histórico (Baugh & Cable 1993; Milroy 2000) e esta condición aínda sobrevive a día de hoxe. Isto quere dicir que algúns dos seus trazos máis característicos, tal e como veremos posteriormente, están a estenderse na actualidade a outras zonas de Inglaterra como Manchester, Birmingham ou Bristol, dando lugar ao que se coñece como “Inglés Multicultural Urbano” (IMU) ou “Inglés Británico Urbano (IBU; Drummond 2017).

En Madrid o conglomerado de falantes de minorías e procedencias diversas non é tan evidente coma en Londres, pero existen grupos de falantes de distintas linguas convivindo nunha mesma cidade. De feito, no 2023 o 16% da poboación era estranxeira, o que loxicamente debe ter un reflexo na linguaxe utilizada. Así, obsérvase unha alta presenza de falantes de América Latina (Bolivia, Colombia, Ecuador, Perú, República Dominicana), do leste de Europa (Romanía, Ucraína), xunto a minorías procedentes de países onde se fala o árabe, principalmente Marrocos e Senegal². Ademais do anterior, non podemos obviar a influencia tan importante do inglés como lingua franca/internacional (Mauranen 2009; Seidlhofer 2011), que tamén deixa a súa pegada na variedade do Español de Madrid (EM), sobre todo no caso dos falantes máis novos, polo seu contacto coas tecnoloxías, redes sociais e programas bilingües/multilingües, onde o inglés é en ocasións empregado como lingua de instrución. Pódese afirmar, entón, que o contacto de linguas máis unha poboación etnicamente diversa e nova constitúen o caldo de cultivo perfecto para o cambio e as novas creacións lingüísticas (Kerswill et al. 2013). De aí, que todos estes datos sexan moi ricos e interesantes desde un punto de vista (socio)lingüístico.

Este traballo está organizado como segue. En primeiro lugar referímonos aos obxectivos e á metodoloxía de traballo empregada na investigación para logo presentar e analizar os resultados obtidos. Con este fin distinguimos dúas seccións principais referidas tanto ao IML como á variedade do EM nos que examinamos fenómenos de contacto lingüístico así como exemplos concretos de cambio e de innovación lingüística que inclúen desde verbos citativos e intensificadores ao uso de linguaxe vaga a través de nomes de referencia xenérica e retrousos finais de serie enumerativa, vocativos nominais, procesos léxicos de acurtamento de palabras e formas abreviadas. O artigo remata cunha serie de conclusións derivadas da análise de datos presentados.

¹ De acordo con Fox (2015: 213), o termo *Cockney* asóciase hoxe en día a falantes de raza branca de clase traballadora e non a falantes de minorías étnicas, incluso se estes últimos naceran na zona da capital londiniense coa que se identifica o *Cockney*. Por outra banda, é curiosa a etimoloxía desta palabra que, segundo o *Oxford English Dictionary* (OED), parece estar relacionada con *cock egg*, é dicir, un ovo pequeno e a miúdo sen xema, defectuoso. Este parece ser o nome pexorativo e despectivo que recibían os londinienses por parte de persoas alleas a esta cidade.

² Pódese consultar o informe detallado do censo de Madrid correspondente ao 2023 (última consulta 08/01/2024) onde figuran rexistrados 104.000 ecuatorianos, 50.000 romaneses, 44.000 bolivianos, 36.000 colombianos e 35.000 peruanos:

- <http://datosmacro.expansion.com/demografia/población/España-comunidades-autonomas>
- <http://worldpopulationreview.com/world-cities/madrid-population>

2. OBXECTIVOS

A maior parte dos estudos sobre lingua xuvenil centráronse ata o momento en aspectos fonolóxicos, sintácticos, discursivos e, sobre todo, léxicos (Rodríguez González 2002; Stenström et al. 2002; Androutsopoulos & Georgakopoulou 2003; Zimmermann 2009; Cheshire et al. 2011; Spiegel & Gysin 2016; Tagliamonte 2016). Porén, hai moi poucos estudos de carácter contrastivo que aborden as prácticas lingüísticas dos mozos e mozas de Londres e Madrid, xunto cos posibles factores ou razóns que as condicionan e explican, malia traballos como os de Stenström (2014, 2021), Stenström e Jørgensen (2009), e Rodríguez González e Stenström (2011), que son unha excepción.

De acordo co anterior, os nosos obxectivos principais pódense resumir como segue: (i) analizar os efectos do contacto lingüístico, con atención especial aos préstamos e ás influencias dunha lingua/variedade sobre a outra, é dicir, examinamos en que medida estes sociolectos do inglés de Londres e do español de Madrid están a recibir a influencia doutras linguas e incluso doutras variedades do inglés e do español respectivamente, tendo en conta o seu carácter multicultural nun contexto multilingüe; (ii) presentar e describir en detalle exemplos de cambio e innovación lingüística nestas dúas variedades, o Inglés Multicultural de Londres (IML) e o Español de Madrid (EM); (iii) acometer un estudo lingüístico de carácter contrastivo entre as comunidades de falantes xuvenís destas dúas comunidades, salientando as súas similitudes e diferenzas; (iv) analizar as razóns ou factores que poden condicionar ou incluso explicar os fenómenos anteriores.

3. METODOLOXÍA E MATERIAIS DE INVESTIGACIÓN EMPREGADOS

Neste estudo adoptamos un enfoque sociolingüístico baseado en corpus co fin de afondar no impacto da variable da idade no uso da linguaxe. Así, para o inglés utilizamos datos do COLT (*The Bergen Corpus of London Teenage Language*), compilado na universidade norueguesa de Bergen a principios dos anos 90 do século pasado por Stenström e os seus colaboradores (Stenström et al. 2002), cunha mostra de case medio millón de palabras. Este corpus contén 100 horas de gravacións espontáneas de rapaces e rapazas londinienses de entre 13 e 17 anos que foron realizadas polos propios informantes coa axuda dunha gravadora que eles mesmos portaban nas interaccións cotiás cos seus pares nas contornas familiar e escolar. Asemade, empregamos datos do *Saarbrücken Corpus of Spoken English* (SCoSE) (Norrick 2008), compilado en Londres por investigadores alemáns en 2008 con mostras orais de mozos e mozas de Londres. Desta fonte seleccionamos un subcorpus de aproximadamente 12.000 palabras. Presenta a vantaxe sobre COLT de ofrecer un material máis recente, se ben tamén presenta varias eivas, entre elas o escaso número de participantes e o feito de que a maior parte das conversas foron gravadas na contorna escolar co que este material non é tan espontáneo como o anterior. Para completar as mostras xa seleccionadas examinamos tamén datos proporcionados polo LEC (*London English Corpus*), proxecto levado a cabo por persoal investigador do Queen Mary College da Universidade de Londres baixo a dirección de Jenny Cheshire e Paul Kerswill, que abarca o LIC (*Linguistic Innovators Corpus*), de aproximadamente 1.300.000 palabras, compilado entre o 2004 e o 2007, e o MLE (*Multicultural London English*), de aproximadamente 1.300.000 palabras, de data máis recente, pois foi confeccionado entre 2007 e 2010. Neste caso as gravacións foron feitas mediante entrevistas sociolingüísticas individuais e grupais nun centro xuvenil. O corpus MLE contén tamén datos doutros grupos de idade como nenos/as e adultos mozos e maiores, o que

permite establecer diversas comparacións entre os falantes dos diferentes grupos de idade representados no corpus.

No caso do español recorreremos ao *COLAm (Corpus Oral de Lenguaje Adolescente de Madrid)*, compilado nesta cidade entre 2002 e 2008, e que contén 456.324 palabras de fala xuvenil. A recollida de datos realizouse a través de autogravacións (Universidade de Bergen; Hofland et. al. 2005). Pódese considerar dalgún xeito como un corpus comparable ao COLT, tanto no que se refire ao seu deseño e estrutura como na metodoloxía empregada para a súa compilación. Corpus similares ao COLAm estanse a elaborar noutros países nos que se fala o español como Arxentina, Chile, Cuba e Nicaragua³.

Ademais das fontes anteriores, empregamos dicionarios e outros corpus de referencia das dúas linguas, o que nos permitiu nalgún caso establecer comparacións entre a lingua adulta e xuvenil. Este é o caso do *DCPSE (Diachronic Corpus of Present-Day Spoken English)*, que contén conversas informais cara a cara de persoas adultas que suman un total de 425.519 palabras, o compoñente oral do *British National Corpus (BNC)* compilado entre 1991 e 1994, o *Urban Dictionary*, o *CORPES XXI (Corpus del Español del Siglo XXI)*, e o *CREA (Corpus de Referencia del Español Actual)*. Asemade, un grupo de informantes (lingüistas, académicos) facilitáronnos información moi útil a través dunha enquisa deseñada para ese propósito. Dado que os falantes mozos son grandes usuarios das redes sociais, tamén recorreremos a materiais de Twitter (X) e consultamos as contas de tres rapeiros londinienses como son The Dappy, Wiley e Dizzee Rascal, artistas nados e criados en Londres aínda que de ascendencia foránea, e que fan uso desta variedade (IML) na súa comunicación cotiá; no caso do español consultamos as contas dos cantantes madrileños C. Tangana e Samurai, onde tamén detectamos tendencias e usos lingüísticos de grande interese.

4. RESULTADOS

Nesta sección presentaremos os resultados máis relevantes derivados da nosa análise de datos. Comezaremos por examinar os efectos do contacto lingüístico a través dos préstamos doutras variedades e linguas para despois centrámonos en exemplos concretos de innovación e cambio lingüístico (Palacios Martínez 2018a). Referirémonos, en primeiro lugar, ao IML para logo abordar fenómenos similares no EM.

4.1. Contacto lingüístico no IML: Préstamos doutras variedades do inglés e doutras linguas

Dado o elevado número de falantes novos de procedencia caribeña e xamaicana que forman parte da poboación londiniense dos últimos anos, non resulta estraño atopar expresións coloquiais procedentes desta variedade como poden ser *skeen/seen* para expresar acordo (1), ou *wah garn* como saúdo (2).

- (1) that's far from my bits I was *skeen*. (LEC)
- (2) A: *Wah garn* my friend?
B: Yeah *wagan* you alright. (*Urban Dictionary*)

³ Para máis información, pódese consultar a ligazón seguinte: <https://blogg.hiof.no/colam-esp/el-corpus-cola/> (última consulta 08/01/2024).

Tamén achamos outros termos procedentes desta variedade que son empregados como insultos ou de xeito pexorativo. Este é o caso de *sket* 'prostituta' (3), *chav* 'choni'⁴, 'hortera' (4), *mook* 'incompetente', *battie/batty/batti* 'homosexual' (5), que fai referencia a *bottom* 'traseiro', ou *duppy* 'pantasma' (6).

- (3) Most boys think girls from Essex are *sket*. (LEC)
- (4) a *chav* like rude boy sort of thing dresses like black man all baggy clothes. (LEC)
- (5) Ryan is not a *batty*, far from a *batty*. (LEC)
- (6) Looooool how can u let lethal disrepect u like tht are u wasteman ur names dappy not *duppy* don't turn ghost!!!!!! (The Dappy 04/09/2013)

Figura 1. Caixa de boneco cuxo texto contén trazos característicos do IML

Na caixa deste boneco de *Spiderman* pódense observar trazos característicos do IML como son, por exemplo, o sufixo *-dem*, empregado no inglés xamaicano para expresar plural con termos animados, tal como se explica en detalle máis abaixo, e que se engade aquí a *Spiderman* no titular, *Spidermandem*. Tamén observamos o uso do familiarizador *bruv!*, variante de *brother*, ademais do saúdo *safe*, moi popular entre a xuventude londiniense, e incluso o nome *TING!!*, que representa a pronuncia de *THING*, xa que neste caso a fricativa dental xorda /θ/ pasa a articularse como unha alveolar xorda /t/, que é un dos trazos distintivos desta variedade a nivel fonolóxico e que posiblemente teña a súa orixe no Cockney.



Identificamos así mesmo termos referidos á música como *riddim*, que corresponde a pronuncia no *patois* xamaicano de 'rhythm', e *bashment* (7), tipo de música popular caribeña que adquiriu moita popularidade nos anos 80 do século pasado.

- (7) I like to listen to all sorts .. all sorts .. garage hiphop r'n'b *bashment*. (LEC)

A formación de plurais de substantivos de carácter animado co sufixo *-dem* é relativamente frecuente, tal e como se indicaba máis arriba (Figura 1). Atopámolo en palabras como *boy(s)dem* (8), *peopledem* (9), *mandem* (10), e *girdem* (11).

⁴ O termo *chav* procede do romaní e é utilizado para referirse a unha rapaza ou muller xitana (OED). No inglés actual emprégase sobre todo no sur de Inglaterra de xeito despectivo. Aparece recollido por vez primeira no OED en 1841. Desta palabra deriva o adxectivo *chavvy*, que é de uso bastante frecuente para caracterizar a unha persoa que se comporta ou posúe as propiedades do substantivo. A alta popularidade deste substantivo deu lugar á publicación, en 2012, dunha novela que leva por título *Chavs: The Demonization of the Working Class*, escrita por Owen Jones, e que foi motivo de controversia no Reino Unido.

- (8) it's baffling the *boydem boydem* not knowing where they are going. (LEC)
- (9) Me and my *peopledem* yeah wnt to one shubs in er Shanktown. (LEC)
- (10) There was about forty *mandem* like boys inside. (LEC)
- (11) pick upa ll the *girldem* I know. (LEC)

O carácter multicultural desta variedade londiniense explica tamén a existencia de vocábulos doutras linguas como o árabe, a linguaxe coloquial americana, o hindi e incluso do español, francés e italiano. Así, por exemplo, atopámonos co termo *akh*, forma reducida de *ahki* e empregada en árabe para dirixirse a un irmán ou amigo moi achegado, e *shisha*, tamén do árabe para referirse a unha pipa de auga; do rexistro coloquial americano temos *do-rag*, prenda equivalente a unha bufanda, ademais dos termos hindi *papadum*, *chapati*, *vindaloo* e *madras* para denominar distintos tipos de pan no caso dos dous primeiros e receitas con curry como base no caso dos dous últimos. No caso do español, a maioría das locucións refírense ao mundo culinario, é dicir, comidas e bebidas (*tapas (bar)*, *Tía Maria*, *chili*, *tequila*), bailes (*salsa*), palabras de uso cotiá (*patio*, *sombrero*, *zapatos*) e saúdos como *hasta la vista*⁵ ou *adiós*. No caso do francés recolleemos exemplos con *café*, *chic* (12), *soup*, *mousse*, *cul-de-sac* (13), *fiancée*, *chef*, e no caso do italiano exemplos con *bravo* (14), *studio*, *mafia* (15), *solo*, *plaza*, *lido*, *pasta*, *pizza*, *spaghetti*.

- (12) She's a doggy girl innit is that a see see init? Yeah is German *chic*. (LEC)
- (13) We'd like. go sort of like we's not in a *cul-de-sac*. (LEC)
- (14) Starts clapping *bravo* for her. (LEC)
- (15) They are like *mafia* man. (LEC)

Se ben moitos destes elementos léxicos adoitan ser empregados no inglés contemporáneo, na variedade londiniense ese número multiplícase, debido principalmente a dous factores: por unha banda, á natureza multicultural deste sociolecto e, en segundo lugar, ao feito de que unha elevada porcentaxe dos seus falantes son persoas novas, pertencentes a un grupo de idade que é moi propicio a introducir termos doutras linguas na súa práctica corrente, isto derivado do seu contacto coas novas tendencias na moda, coa música, cos avances tecnolóxicos e, nos últimos anos, coas redes sociais (Drange 2009; Luján García 2013).

4.2. Contacto lingüístico no EM: Préstamos doutras variedades do español e doutras linguas

Un fenómeno similar ao descrito na sección 4.1 acontece no EM, onde identificamos préstamos procedentes, sobre todo, de variedades do español de América Latina. Son comúns, polo tanto, termos pexorativos como *pibe/a/ón(a)* (16), *boludo* (17), *chavo* (18), *pinche*, *gringo/a*, *huevoón*, *ahuevonado*, *pirobo*, xunto con outros de uso habitual (*lindo*, 19). Porén, o seu número é reducido se o comparamos co dos préstamos procedentes do inglés de Xamaica no caso de Londres.

⁵ Esta expresión pode estar tamén relacionada coa película "Terminator 2: El juicio final", cuxo guión foi escrito por James Cameron e William Wisher Jr., o que dalgún xeito puido contribuír á súa popularización.

- (16) Había un *pibe* que se llamaba Macu tronco. (COLAm)
- (17) Tu madre *boludo*. (COLAm)
- (18) Venga tío *chavo*. (COLAm)
- (19) Estaba viendo *lindo* chaval. (COLAm)

Aínda que tamén rexistramos préstamos procedentes doutras linguas como o italiano (*birra, pizza, ciao*), non podemos esquecer a pegada tan importante do inglés como lingua franca/internacional no EM, sobre todo entre os falantes máis novos. Nalgúns casos eses préstamos pódense considerar crus (Lorenzo 1999), pois tómanse directamente ou con lixeiras variacións da lingua inglesa (*epiphany, film, fucking, heavy, light, wing*, etc.), mentres que outros se adaptan á pronuncia e/ou á escrita do EM (*filin* ‘feeling’, *glamur* ‘glamour’, *luk* ‘look’, *singel* ‘single’, etc.):

- (20) el nuevo *look* jejeje. (COLAm)
- (21) A: eso no creo que salga.
B: *okey* (COLAm)
- (22) Siete euros y medio costaba un *pirsing* de esos raros. (COLAm)
- (23) Tú que está el partido *interesting*. (COLAm)
- (24) Estoy en bucle *again* 🙌🙌🙌🙌🙌 (Samurai 14/06/2023)

Tamén atopamos varios casos de falsos anglicismos o pseudoanglicismos como *zaping* (25), *puénting* (26), *edredoning*, *nominator*, *fashion* (27), *parking* (Furiassi & Gottlieb 2015).

- (25) era en el *zapping* tío. (COLAm)
- (26) se tira uno al agua i i sabes pero con ... haciendo *puenting* ... y se queda aquí rebotando. (COLAm)
- (27) ah mira mi mando a distancia es mucho más *fashion* que el tuyo. (COLAm)

Asemade, resulta bastante común atopar nas súas conversas oracións completas en inglés e anacos de cancións populares e de series de TV como se foran fórmulas feitas, aprendidas como un todo e que con frecuencia son empregadas con fins humorísticos ou para transmitir un ton informal e desenfadado: *hello/hey baby!* (28), *hello darling! I am coming, blowing in the wind, bring me to life, don't worry* (29), *I miss you baby and I don't wanna miss a thing, your mother is brown/black* (30), *go go* (31), *happy birthday to you, fucking you*.

- (28) Hey *baby* jejeje. (COLAm)
- (29) Y ahora *tont worry* o algo así. (COLAm)
- (30) Pues eso *your mother is brown*. (COLAm)
- (31) Vamos que hace frío *go go* gilipollas. (COLAm)

Este fenómeno non se podería describir ou considerar como un cambio de código (Muysken 1995; Auer 1998) ou como ‘translingua’, xa que estes falantes non son realmente bilingües español-inglés, condición necesaria para que realmente se poida falar dun proceso típico de ‘translingua’, tal como se establece na bibliografía especializada (García & Wei 2014). Entre as razóns que se barallan para explicar a alta frecuencia de anglicismos no EM pódense mencionar, entre outras, a influencia do inglés como lingua global e internacional e a

implantación na Comunidade de Madrid de programas educativos pseudobilingües baseados en CLIL (*Content and Language Integrated Learning*; Lasagabaster & Ruiz de Zarobe 2010; Shepherd & Ainsworth 2017) nos que o inglés serve de lingua de ensinanza en diversas materias ou disciplinas académicas.

Táboa 1. Anglicismos máis frecuentes no COLAm

MÚSICA	<i>hip-hop, single, recording, charleston, pop, rock, rap, hot pop, lp, dispop.</i>
MEDIOS DE COMUNICACIÓN E FILMES	<i>Spiderman, Batman, show, zapping, smartfilm, latin lover.</i>
MODA	<i>look, casting, glamour, wonder bra, pirsin, jersey, top, sexy, colwater, fashion.</i>
GUILLELME BROWN	<i>software, walkman, hardware, web, chat, ciber, discman, CD, play, stop, pause, power, megawatts/ megabites, technology, recording, messenger, diskette, minidisk, walkies, escaner, formfiller, laser.</i>
COMIDA E BEBIDA	<i>sandwich, beicon, burger, energy drink</i>
DROGAS	<i>flipado, flipante, crack, yonki</i>
DEPORTE E LECER	<i>rafting, sport, penalty, sprint, (wind)surf, camping, paintball, ball, puenting, tenis, basquet, golf, scout, travelling, cheer leader, match, manager, mister, líder.</i>
VOCATIVOS (familiarizadores e ofensivos)	<i>brother, bitch, stupid, friqui, hippie</i>
TERMOS DA VIDA COTIÁ	<i>money, friends, planing ('planning'), teacher, boy(s), okey, interesting, thank you, plis ('please'), house, one two three, happy, typical, sky, ticket, market, King, walking, forever, water, stop, shop.</i>

Na **Táboa 1** ofrécese unha selección de termos procedentes do inglés naqueles eidos en que aparecen cunha maior frecuencia e que son moi populares entre os falantes máis novos. Aqueles referidos á tecnoloxía, música e deporte son os que rexistran unha maior incidencia.

Ademais de todo o anteriormente mencionado, recóllense termos e expresións de sectores ou grupos marxinais da sociedade procedentes do mundo das drogas, do cárcere, etc. Son palabras como *pico, talego, chute, porro, chorizo, menda* (32), *chungo* (33), *sobar* (34), *jalar* (35), *chaval, gepeto, chorbo*.

- (32) Huyendo del segurata porque iba con un *menda* que está medio loco. (COLAm)
- (33) Tiene un curso mazo de *chungo* ahiii. todo mierda. (COLAm)
- (34) Le miré y estaba todo *sobado*. (COLAm)
- (35) No tenéis dinero necesito comer *jalar* algo. (COLAm)

4.3. Cambios lingüísticos e innovación no IML

Os falantes mozos son recoñecidos tradicionalmente na bibliografía que aborda o papel do factor idade na lingua como axentes de cambio e innovación lingüística. Así o explica Tagliamonte (2016: xiv) cando afirma que os “teenagers are the innovators and the movers and shakers of language change”. É precisamente no período entre os 12 e os 19 anos cando as persoas tenden a expresarse con maior liberdade e a introducir variacións no uso da lingua con respecto á fala que se considera estándar. Isto explica que no seu modo de expresión se poidan identificar trazos e padróns novidosos de uso lingüístico que en moitos casos difiren da expresión propia dos adultos. A continuación, referirémonos a algúns destes con detalle, comezando coa linguaxe xuvenil londiniense para logo centrarnos na da mocidade de Madrid.

Empezamos cos *verbos citativos* ou introdutores de estilo directo (“quotation markers”, Stenström 2014: 15; “quotatives”, Drummond 2017: 209). Os adolescentes e mozos son

recoñecidos por contaren moitas historias, chistes, anécdotas, etc. As súas conversas están repletas de narracións, descricións, recreacións de algo que lles aconteceu a eles ou a algún achegado. De aí que rexistremos un número elevado destes verbos e de expresións citativas que chaman a nosa atención. Se na linguaxe dos adultos londinienses, SAY, TELL, THINK, ASK adoitan ser os verbos máis comúns para introducir as palabras ou pensamentos doutras persoas, na fala xuvenil de Londres, porén, achamos outras alternativas como BE (*like*) (36)⁶, BE (*all*), GO (37), e *this is* seguido dun pronome persoal (38 e 39), este último máis frecuente entre os adolescentes máis novos (Cheshire et al. 2011), e incluso ás veces *like* nada máis (40)⁷.

- (36) *they are like*. “you got your black gansters innit”. (LEC)
- (37) *I went* “I don’t do anything else apart from drink and smoke fags”. (LEC)
- (38) *this is me* “What about all the other people?” (LEC)
- (39) *this is him* “No believe it’s orange juice”. (LEC)
- (40) when we got the notice it was so er .. near and happening *like* “dear sir or madam” i mean you don’t write that. (LEC).

A Táboa 2 presenta de xeito cuantitativo este uso de citativos por parte dos informantes de COLT onde GO é o máis empregado cunha porcentaxe do 42,6% do total. O citativo *like*, ben só ou precedido de BE, SAY e GO obtén unha proporción global do 4,4%.

Táboa 2. Citativos en COLT (431.528 palabras)

CITATIVOS	N	%	FRECUENCIA POR 10.000 PALABRAS
GO	1.154	42,6	26,7
SAY	793	29,3	18,3
Cero	473	17,5	11
THINK	152	5,6	3,5
BE like	45	1,7	1
like (só)	45	1,7	1
SAY like	14	0,5	0,3
GO like	14	0,5	0,3
this is + pronome	10	0,4	0,2
SHOUT	4	0,1	0,09
outros verbos (TALK, SOUND+ like	4	0,1	0,09
ASK	1	-	-
TOTAL	2.709	100	62,5

Chama igualmente a atención a elevada incidencia, 17,5% do total, do que se denominan “citativos cero”, é dicir, a total ausencia dun verbo introdutor de xeito que o falante reproduce literalmente na conversa as palabras doutra persoa sen ningunha forma verbal introdutoria

⁶ Segundo Drummond (2017: 210), é moi probable que *BE like* se introducira no inglés británico (BrE) desde o inglés americano (AmE).

⁷ Moitos destes citativos (*GO*, *BE like*, etc.) experimentaron un proceso de gramaticalización, asumindo novas funcións discursivas e pragmáticas. Neste proceso os adolescentes teñen un papel moi destacado (Stenström 2014: 15-16).

(Palacios Martínez 2013). É común que nestes casos o falante imite a outro, ou incluso ás veces a algún animal (abella, can ladrando, mono, gato, galiña) ou ruídos emitidos por algún obxecto ou máquina. A dramatización de situacións forma parte do discurso cotián dos adolescentes, recurso empregado co fin de que o seu relato sexa o máis convincente e crible posible. Nestas circunstancias son moi recorrentes as palabras onomatopeicas que reproducen sons como *urgh*, *whoops*, *clck*, *knock* (41), *grrr* (42) (Palacios Martínez 2013).

- (41) A: *Knock knock*
 B: Who's there?
 A: You've forgotten me already. (COLT)
- (42) He looks and the bear's hanging off at the side, 'grrr'. (COLT)

O apartado dos *intensificadores* tamén require unha atención especial porque son os falantes máis novos os que, por unha banda, tenden a intensificar a súa expresión moito máis ca os adultos e, por outra, optan por manexar distintos intensificadores ou empréganos de xeito diferente con respecto aos falantes de maior idade. Así, por exemplo, tal como se pode apreciar na Táboa 3 máis abaixo, mentres os adultos utilizan de forma cotiá o intensificador *very*, os falantes máis novos decántanse por *really*, *so* e *pretty*, e incluso por outras alternativas como *well* (43) e *right* (44), que son moi raros na lingua adulta (Núñez Pertejo & Palacios Martínez 2014, 2018).

- (43) It's *well* good. I can hear your voice. (COLT)
- (44) They've been *right* bastards to you. (COLT)

Así, por exemplo, mentres que na lingua adulta a frecuencia normalizada de *very* por 10.000 palabras é de 39, na lingua xuvenil representada polas mostras de COLT e SCoSE, esta cifra é moito máis reducida, 9,4 e 6,6, respectivamente. O contrario acontece con *really*, xa que na lingua adulta acada unha frecuencia por 10.000 palabras de 4,6 mentres que en COLT e SCoSE este valor se incrementa a 13,3 e 23,3 respectivamente. Estas diferenzas percíbense tamén con *so*, aínda que non son tan significativas como no caso anterior. Nos últimos anos xurdiron outros intensificadores como *proper* (45) e *bare* (46) que aparecen rexistrados no LEC, mais restrinxidos exclusivamente á lingua adolescente (Drummond 2017; Núñez Pertejo & Palacios Martínez 2018).

- (45) They were *proper* strict in school. (LEC)
- (46) They are *bare* vicious people. (LEC)

Táboa 3. Intensificadores adxectivos no DCPSE, COLT e SCoSE

INTENSIF. ADJECT.	DCPSE adultos (425.519 palabras)	%	Frec. por 10.000 palabras	COLT xoves (431.528 palabras)	%	Frec. por 10.000 palabras	SCoSE xoves (12.000 palabras)	%	Frec. por 10.000 palabras
<i>Very</i>	1.661	60	39	406	22,4	9,4	8	13,1	6,6
<i>absolutely</i>	161	5,8	3,78	27	1,5	0,6	-	-	-
<i>Well</i>	3	0,1	0,07	38	2,1	0,8	1	1,6	0,8
<i>completely</i>	49	1,8	1,1	31	1,7	0,7	-	-	-
<i>Totally</i>	35	1,3	0,82	21	1,2	0,5	-	-	-
<i>extremely</i>	43	1,6	1	12	0,6	0,3	-	-	-

INTENSIF. ADJECT.	DCPSE adultos (425.519 palabras)	%	Frec. por 10.000 palabras	COLT xoves (431.528 palabras)	%	Frec. por 10.000 palabras	SCoSE xoves (12.000 palabras)	%	Frec. por 10.000 palabras
<i>enough</i>	-	-	-	8	0,4	0,2	-	-	-
<i>Really</i>	199	7,2	4,6	574	31,6	13,3	28	46	23,3
<i>So</i>	514	18,6	12	606	33,4	14	16	26,2	13,3
<i>Pretty</i>	97	3,5	2,2	74	4,1	1,7	8	13,1	6,6
<i>Right</i>	-	-	-	15	0,8	0,3	-	-	-
<i>Dead</i>	3	0,1	0,07	3	0,2	0,07	-	-	-
TOTAL	2.765	100	64,64	1.815	100	41,87	61	100	50,6

Algo similar acontece co uso intensificador do expletivo *fucking* que, se ben aparece na expresión dos dous grupos de falantes, resulta moito máis frecuente na linguaxe xuvenil, onde tamén adquire un valor máis multifuncional, tal como se pode apreciar nos exemplos seguintes, onde modifica non só a adxectivos e pronomes (47 e 48), senón tamén a verbos (49) e incluso a nomes propios (50). Xunto a este expletivo atopamos outro similar, *bloody*, cuxo uso está a decaer nos últimos anos entre os falantes máis novos, aínda que hoxe se pode escoitar con certa frecuencia entre os de maior idade (51) (Love 2021). Expresións expletivas introducidas por *what/how/where/who/when* seguidas de *fuck* ou *hell*, por exemplo, son tamén moi frecuentes nas súas interaccións (52), (53).

- (47) It's *fucking* sad. (COLT)
 (48) I've just walked to school for *fucking* nuffink. (COLT)
 (49) You *fucking* stink. (COLT)
 (50) *Fucking* Catherine. (COLT)
 (51) Where's the *bloody* bus? (COLT)
 (52) *What the hell* is that? (LEC)
 (53) *Who the fuck* is that boy? (LEC?)

O sistema de *polaridade negativa* tamén merece un estudo individualizado. Os falantes máis novos non poñen obxección a empregar máis negativas ca os adultos, seguramente polo seu alto grao de espontaneidade e franqueza nas súas reaccións e conduta, onde os mitigadores non son tan recorrentes (Palacios Martínez 2011). Ademais, acostuman empregar un maior número de negativas vernáculas como *ain't* (54), *nope* (55) ou *don't* (56) como terceira persoa singular negativa do presente (Palacios Martínez 2016).

- (54) I've done alright since I've been here. I *ain't* had *no* trouble or nothing⁸. (LEC)
 (55) A: Don't you decide.
 B: *Nope*. (COLT)
 (56) She *don't* fancy anyone here. (COLT)

Son moi comúns igualmente estruturas con dúas negacións clausais, é dicir, dúas formas negativas na mesma oración (57), o que se denomina en inglés *negative concord*, e tamén o

⁸ A negativa *ain't* pode ser equivalente non só á contracción de *has/have + not* senón tamén á de *am/is/are + not* e incluso, aínda que máis raramente, á de *do/does/did + not* (Palacios Martínez 2010).

uso de *never* como unha negación puntual ou concreta (58), en lugar de expresar un valor universal negativo como é o habitual (Palacios Martínez 2019).

(57) I *don't* look *no* different to me. (COLT)

(58) Vernon *never* called for me yesterday. (COLT)

O uso dunha linguaxe vaga (Channel 1994) tamén é moi común no rexistro adolescente, pois tende a reforzar a súa expresión informal, coloquial e intranscendente. Referímonos aquí de xeito especial aos *nomes de referencia xenérica* e *retrosos finais de serie enumerativa*.

É importante indicar que, aínda que a función principal dos nomes de referencia xenérica (*placeholders* en inglés: *thingy*, *stuff*, *thingybob*, *thingamajig*, *whatsit*) é a de expresar algo non concreto cuxo significado ten que ser deducido xeralmente polos propios interlocutores, en moitas ocasións poden adquirir outros valores pragmáticos; así, en ocasións poden indicar desprezo ou insulto, ou incluso servir para reforzar a pertenza ao grupo, aspecto fundamental na vida da mocidade (Palacios Martínez & Núñez Pertejo 2015).

(59) I had a corkscrew *thingy* for the wine bottles and everything. (LEC)

(60) Oi George, how do you reckon you did in that French *thingie* today? (COLT)

Algo similar acontece cos retrosos finais de serie enumerativa, *general extenders* en inglés (Overstreet 1999; Stenström 2014: 15), aos que nos referíamos antes. Trátase de construcións que xeralmente atopamos ao final dun enunciado e que son introducidas por un coordinante como *and* ou *or* seguidos dunha frase nominal (Aijmer 2013; Stenström 2014). Este grupo inclúe, entre outras, formas como *and crap* (61), *and stuff* (62), *and things*, *or something*, *and all*, *or whatever*.

(61) They're like all moody and *crap*. (LEC)

(62) I know she was getting really pissed off cos everyone was sticking on the music she wasn't interested in *and stuff*. (COLT)

Da Táboa 4 dedúcese que, ao contrario ao esperado, estes retrosos son máis frecuentes na lingua dos adultos ca na dos mozos, con frecuencias normalizadas por 10.000 palabras de 17,94 para os primeiros fronte a 13,02 no caso dos segundos. Ademais, os padróns de uso son diferentes entre os membros dos dous grupos de falantes. Mentres que nos falantes máis novos as preferencias se concentran en *and that*, *and everything* e *and stuff*, con frecuencias normalizadas por 10.000 palabras de 1,9, 1,5 e 1,2 respectivamente, nos adultos o seu uso é moito máis restritivo, con frecuencias de 0,75, 1 e 0,44, xa que estes últimos optan claramente por *and things*, *and all*, *or something* e *and so* con frecuencias normalizadas de 2,4, 1,7, 5,5 e 2,2, fronte ás rexistradas no grupo de falantes mozos de 0,5, 1,6, 4,5 e 0,06. Ademais do anterior, obsérvase que os adultos dispoñen dun abano maior destas construcións no seu repertorio ca os mozos, que fan un uso moito máis limitado. Isto apréciase non só cando se consideran os retrosos finais principais, senón tamén cando se estudan os máis secundarios, tal como se pode observar na Táboa 4.

Táboa 4. Retrousos finais de serie enumerativa na linguaxe xuvenil e adulta

	DCPSE (425.519 PALABRAS)	%	FREC. POR 10.000 PALABRAS	COLT (431.528 PALABRAS)	%	FREC. POR 10.000 PALABRAS	
RETROUSO FINAL ENUMERATIVO PRINCIPAL	<i>and that (sort of thing, sort of stuff, type, kind, kind of thing, lot, shit)</i>	32	4,2	0,75	82	14,48	1,9
	<i>and everything (like that, else)</i>	41	5,3	1	66	11,62	1,5
	<i>and stuff (like that)</i>	19	2,5	0,44	53	9,33	1,2
	<i>and things (like that/this)</i>	103	13,4	2,4	22	3,87	0,5
	<i>and so (on)</i>	94	12,25	2,2	3	0,53	0,06
	<i>and all (that, that/this stuff, that crap, that kind, that bit, the rest (of it), this/that business, this/these thing(s), the other things, this nonsense, lot, that/this sort(s) of thing/stuff, all that sort of crap)</i>	72	9,4	1,7	67	11,8	1,6
	<i>or something (like that, of that/this kind, sort of)</i>	234	30,5	5,5	196	34,5	4,5
	<i>or so</i>	27	3,43	0,6	2	0,35	0,04
	<i>or anything (like that, of that kind, of that sort)</i>	47	6,2	1,1	34	6	0,78
	<i>or whatever (it is, they are, you call it)</i>	52	6,8	1,2	22	3,87	0,5
	<i>and so forth</i>	17	2,2	0,39	0	-	-
	<i>and so on and so forth</i>	6	0,8	0,14	0	-	-
	<i>and what not</i>	1	0,13	0,02	2	0,35	0,04
	<i>and crap</i>	0	-	-	1	0,17	0,02
RETROUSO FINAL ENUMERATIVO SECUNDARIO	<i>and this and that</i>	1	0,13	0,02	1	0,17	0,02
	<i>and blah blah blah</i>	1	0,13	0,02	8	1,4	0,18
	<i>and what have you</i>	1	0,13	0,02	2	0,35	0,04
	<i>or somewhere (like this/that)</i>	6	0,8	0,14	2	0,35	0,04
	<i>or wherever</i>	3	0,4	0,07	2	0,35	0,04
	<i>or somebody</i>	7	0,9	0,16	1	0,17	0,02
	<i>or whoever</i>	3	0,4	0,07	1	0,17	0,02
	<i>or anybody</i>	0	-	-	1	0,17	0,02

Ao igual que ocurría cos nomes de referencia xenérica, a función destes retrousos finais non é só a de expresar vaguidade ou asignar unha categoría ou etiqueta, senón que tamén poden desempeñar outros roles pragmáticos como indicadores de solidariedade por parte do falante, servir como intensificadores dunha mensaxe ou como recurso para implicar ao interlocutor máis directa e activamente na conversa.

Relacionados cos anteriores, atopámonos tamén cun elevado número de retrousos invariábeis como *innit, okey, right, do you get me?, yeah, right, you know what I mean*. Ao igual que no caso dos nomes de referencia xenérica e retrousos finais de serie enumerativa, son

multifuncionais desde un punto de vista pragmático, xa que axudan a organizar o discurso, sen agardar en moitos casos unha resposta concreta do interlocutor. *Innit* (63)⁹, e *you get me* (64), son, sen dúbida algunha, os máis característicos (Palacios Martínez 2014; Torgersen et al. 2017; Pichler 2021).

- (63) don't know really *innit*. (LEC)
 (64) I make friends with everybody *you get me?* (LEC)
 (65) It's a mix but a big mix *you know what I mean*. (LEC)

Táboa 5. Vocativos familiarizadores na lingua xuvenil e adulta (COLT, BNC e LEC)

	COLT 1990's (431.528 PALABRAS)	FREC. POR 100.000 PALS.	BNC 1991-1994 (2.801.135 PALABRAS)	FREC. POR 100.000 PALS.	LEC MOZOS 2004-2010 (1.208.909 PALABRAS)	FREC. POR 100.000 PALS.	LEC ADULTOS 2004-2010 (460.022 PALABRAS)	FREC. POR 100.000 PALS.
<i>Man</i>	359	83,2	15	0,53	1.108	91,65	75	16,3
<i>Boy</i>	76	17,61	56 (15 en plural)	1,99	43	3,55	1	0,21
<i>Mate</i>	48	11,12	193	6,89	131	10,83	1	0,21
<i>Baby</i>	14	3,24	17	0,6	7	0,57	6	1,3
<i>Guy</i>	11	2,54	3	0,1	14	1,15	4	0,86
<i>Girl</i>	8	1,85	105 (18 en plural)	3,74	15	1,24	2	0,43
<i>Lad</i>	3	0,69	30	1,07	5	0,41	2	0,43
<i>Dude</i>	2	0,46	8	0,28	11	0,9	1	0,21
<i>Bloke</i>	4	0,92	-	-	-	-	-	-
<i>Woman</i>	6	1,39	1	0,03	-	-	-	-
<i>brother (bro), blud (blad/ blood), bruv</i>	2	0,46	1	0,03	507	41,93	57	12,39
<i>Sister</i>	1	0,23	1	0,03	-	-	-	-
<i>Pal</i>	1	0,23	3	0,1	-	-	-	-
<i>Geezer</i>	1	0,23	-	-	2	0,16	-	-
<i>Folk</i>	1	0,23	7	0,24	-	-	-	-
TOTAL	537	124,4	440	15,63	1.843	152,39	149	32,34

Na análise das interaccións deste falantes mozos de Londres, observamos igualmente unha proporción moi alta de vocativos nominais (Palacios Martínez 2018b), sobre todo se os comparamos coa súa frecuencia na linguaxe adulta.

- (66) No *bruv* no *bruv* trust me trust me. (LEC)

⁹ Contrario ao que se puidera pensar, *innit* como retroso interrogativo ou retroso invariable, *invariant tag* en inglés, está incrementado o seu uso e pódese considerar como un dos trazos característicos do que se coñece como “Inglés Multicultural Urbano” (IMU), ao que facíamos referencia ao principio deste traballo, sendo considerado xa como un marcador discursivo ben consolidado (Stenström 2014: 119). Desde xeito non é raro escoitalo nas conversas de mozos de Manchester ou Birmingham, por exemplo. *Innit* pode ser equivalente a *isn't it*, *isn it* e incluso a *ain't it*.

- (67) Oh *man* let's keep it on the paper (LEC)
- (68) Okay so how you *lads* doing? (LEC)

Isto é así, tal como se pode observar na **Táboa 5**, fundamentalmente no grupo dos coñecidos como familiarizadores (*bruv, man, mate, dude*), é dicir, aqueles que denotan unha relación estreita entre o falante e o seu interlocutor. Así, por exemplo, as frecuencias normalizadas por 10.000 palabras para o grupo dos falantes novos son de 124,4 en COLT e 152,39 en LEC, mentres que estes mesmos valores nos suxeitos adultos son de 15,63 no BNC e 32,34 no LEC. Estas diferenzas son estatisticamente significativas e obsérvanse en todos e cada un dos vocativos nominais estudados nesta categoría, onde *man, brother, mate* e *boy* son os que acadan proporcións máis altas entre os membros dos dous grupos. Os resultados obtidos tamén indican como algúns destes familiarizadores, *man* e *mate*, por exemplo, se manteñen no tempo, é dicir, desde 1990 ata 2010, mentres que outros como *brother* (con múltiples variantes segundo a súa pronuncia: *bro, bruv, blud, blood, blad*) están a adquirir un maior protagonismo en tempos recentes a teor dos datos derivados do LEC.

Táboa 6. Vocativos tabú ou ofensivos máis frecuentes en COLT e LEC

	COLT (431.528 palabras)		LEC mozos (1.208.909 palabras)		TOTAL (1.640.437 palabras)	
	N	FN	N	FN	N	FN
<i>ass/ arsehole</i>	6	1,39	1	0,08	7	0,42
<i>bastard</i>	43	9,96	9	0,74	52	3,16
<i>big/bean/ crack/ fish/peanut head</i>	3	0,69	10	0,82	13	0,79
<i>Cow</i>	2	0,46	3	0,24	5	0,3
<i>Cunt</i>	20	4,63	18	1,48	38	2,31
<i>dick/cock (head) (arse)</i>	18	4,1	28	2,31	46	2,8
<i>Fool</i>	19	4,4	5	0,41	24	1,46
<i>Idiot</i>	9	2,05	12	0,99	21	1,28
<i>Liar</i>	8	1,82	5	0,41	13	0,79
<i>(mother) fucker</i>	9	2,08	1	0,08	10	0,6
<i>pervert</i>	2	0,46	3	0,24	5	0,3
<i>poof(utter) puff</i>	4	0,92	1	0,08	5	0,3
<i>Prat</i>	6	1,39	1	0,08	7	0,42
<i>Prick</i>	3	0,69	7	0,57	10	0,6
<i>Shit</i>	4	0,92	6	0,49	10	0,6
<i>Slag</i>	6	1,39	1	0,08	7	0,42
<i>Sod</i>	18	4,1	2	0,16	20	1,21
<i>(son of a) Bitch</i>	44	10,19	22	1,82	66	4,02
<i>Stupid</i>	34	7,87	2	0,16	36	2,19
<i>Twat</i>	8	1,85	1	0,08	9	0,54
<i>wanker</i>	10	2,31	3	0,24	13	0,79
<i>zombie</i>	-	-	6	0,49	6	0,36

Mención especial merece *man*, moi recorrente nas conversas dos adolescentes, e que sufriu un proceso de gramaticalización moi curioso, posto que mudou de nome a marcador

pragmático, e de aí a pronome persoal, ben de primeira persoa de singular (69) e plural, ben de terceira persoa de singular (70), e tamén de referencia xenérica (Cheshire 2013; Drummond 2017; Palacios Martínez 2018b).

- (69) before I got arrested *man* (=I) paid for my own ticket to go Jamaica you know. but I've never paid to go on no holiday before this time I paid. (LEC)
- (70) met my ideal today the god of grime then *mans* (=he) even gave me his hat. (Dizzie Rascal, Twitter)

O elevado número de vocativos de natureza tabú ou ofensiva no modo de expresión dos mozos londinienses e a súa grande variedade tamén chaman poderosamente a atención se tomamos como base os datos proporcionados por COLT e LEC, onde *son of a bitch*, *bastard*, *dick/cock(head)*, *cunt*, *stupid* e *fool* son claramente os máis comúns en ámbolos dous corpus, tal e como se desprende da Táboa 6. Estes últimos non sempre levan consigo un insulto senón que poden ter un valor afectivo entre os adolescentes (Palacios Martínez 2021).

- (71) You're fucking gorgeous *you bastard*. (LEC)

A nivel morfolóxico, é relativamente frecuente que os falantes máis novos acurten palabras de uso cotián por razóns de economía da linguaxe e tamén como ferramenta para reforzar o sentimento de grupo, pois é unha maneira de indicar que están a empregar un código propio. Estes son algúns exemplos cos que nos atopamos: *cos* > *because*; *cas* > *casual/ly*; *maths* > *mathematics*; *uni* > *university*; *Hack* > *Hackney*; *broth/bruv* > *brother*; *cuz* > *cousin*, *good friend*; *nan* > *grandmother*; *pop* > *popular*; *fav* > *favourite*. Asemade, achamos moitas abreviaturas e acrónimos como *FOC* > *Fun On Campus*; *B-Tec* > *Business*; *MSN* > *Microsoft Network*; *EMA* > *Education Maintenance Allowance*; *IT* > *Information Technology*; *R&B* > *Rhythm and Blues*, etc.

Ademais do anterior, chama a atención na xerga xuvenil de Londres o uso dun número reducido de prefixos e sufixos que non son tan comúns na linguaxe dos adultos. Estamos a falar de prefixos como *hyper-* (72), *mega-* (73), *super-* (74), e sufixos como *-ish* (75) e *-y* (76). Nalgúns casos estes procesos puideron lexicalizarse co tempo; isto podería aplicarse a *superwoman* no exemplo (74).

- (72) he's *hyper* active he makes you laugh. (LEC)
- (73) *Mega* crap! (COLT)
- (74) as like a *superwoman* your mum might be. (LEC)
- (75) And they used to come up to me "hello #speaks *gibberish* to imitate Turkish# (LEC)
- (76) Go on *matey*! (LEC)

4.4. Cambios lingüísticos e innovación no EM

Ao igual que no caso do IML existe nesta variedade madrileña un sistema de citativos especial que, ademais de formas verbais, inclúe expresións do tipo *en plan* (77)¹⁰, *y yo... y el otro* (78), *a modo*, etc.

- (77) *y yo en plan* '¿por qué no le das el teléfono joder?' (COLAm)

- (78) una foto ‘que me quiero reír’ y yo ‘pero’ y el otro ‘tú no seas cabrona no sé qué’ y tú ‘cállate’. (COLAm)

Na **Táboa 7** inclúense os diferentes citativos atopados en COLAm onde se aprecia que DECIR é o verbo máis utilizado para introducir estilo directo (con case un 70% dos casos), seguido de *y yo/y el otro* e *cero*, este último cun total de 174 exemplos, o que representa unha porcentaxe bastante significativa, un 8% do total. É evidente entón que as formas citativas alternativas aos verbos tradicionais como DECIR, PENSAR non cumpren aquí un papel tan relevante como no caso da linguaxe xuvenil de Londres, aínda que tampouco se poden considerar marxinais.

Táboa 7. Verbos citativos no COLAm (456.324 palabras)

CITATIVO	NÚMERO TOTAL	PORCENTAXE (%)	FRECUENCIA NORMALIZADA POR 10.000 PALABRAS
DECIR	1.522	69,7	33,3
<i>y yo/y el otro</i>	238	10,9	5,2
<i>cero</i>	174	8	3,8
<i>en plan</i>	91	4,1	2
EMPEZAR	49	2,2	1
HACER	44	2	0,9
PENSAR	17	0,8	0,4
<i>SER como</i>	15	0,7	0,3
SALTAR	8	0,4	0,2
SOLTAR	7	0,3	0,15
IR	7	0,3	0,15
CONTAR	4	0,2	0,08
COGER	4	0,2	0,08
Outros	4	0,2	0,08
TOTAL	2.184	100	47,64

Así mesmo, tal como se desprende da **Táboa 8**, é moi frecuente o uso de intensificadores adxectivos e adverbiais como *vaya*, *puto* (79) e *tan* (80) como alternativas ao tradicional *muy*, xunto a expresión coloquiais e ás veces idiomáticas como *mogollón* (81), *mazo*, *una pasada*, *guay*, *flipante* (82), *cantidad (de)*, *por un tubo*, *un huevo (de)*, *mola mazo*, *de mierda*, *de cojones* (83), *que te cagas/matas/mueres*, *la peste*, *de buti/buty*, etc. O intensificador *puto/a* compórtase de xeito similar ao de *fucking* e *bloody* comentados máis arriba.

Táboa 8. Intensificadores adxectivos e adverbiais de maior frecuencia en COLAm (456.324 palabras)

ADXECTIVO/ADVERBIO	COLAM (456.324 PALABRAS)	%	FRECUENCIA NORMALIZADA POR 10.000 PALABRAS
<i>Muy</i>	677	54	14,9
<i>puto/a/os/as</i>	234	18,7	5,1

¹⁰ Cómpre sinalar que *en plan* non só pode funcionar como citativo (que é un uso bastante recente derivado dun proceso de gramaticalización), tamén pode asumir roles de marcador discursivo, mitigador ou de vaguidade (Nord 2006; Jørgensen 2009; Stenström 2014; Rodríguez Abruñeiras 2015, 2020; Camargo e Grimalt 2022).

ADXECTIVO/ADVERBIO	COLAM (456.324 PALABRAS)	%	FRECUENCIA NORMALIZADA POR 10.000 PALABRAS
<i>Tan</i>	156	12,4	3,4
<i>Vaya</i>	75	6	1,6
<i>bastante</i>	44	3,5	1
<i>menudo(s)/a(s)</i>	19	1,5	0,4
<i>totalmente</i>	14	1,1	0,3
<i>Bien</i>	11	0,9	0,24
<i>So</i>	6	0,5	0,13
<i>completamente</i>	8	0,6	0,17
<i>absolutamente</i>	5	0,4	0,1
<i>realmente</i>	2	0,2	0,04
<i>Jodido</i>	2	0,2	0,04
TOTAL	1.253	100	27,42

- (79) una *puta* maravilla. (C. Tangana 08/07/2023)
 (80) res *tan* increíble bua. (Samurai 15/05/2023)
 (81) Voy a hacer un *mogollón* de copias. (COLAm)
 (82) Eso es *flipante* tío. (COLAm)
 (83) Hace un frío de *cojones*. (COLAm)

Do mesmo modo que acontece no IML cos expletivos *what/who the fuck!/the hell, qué/quién/dónde coño* (84 e 85), ou *qué/cómo cojones* (86) son moi habituais na linguaxe da rapazada madrileña que os emprega cunha función tamén intensificadora.

- (84) Algo porque lo puso a grabar ... y tía ... pero *qué coño* quieres que diga. (COLAm)
 (85) Es que luego no sabes *quién coño* es tío. (COLAm)
 (86) <riendo> *qué cojones* voy a beber. (COLAm)

Tal e como ocurría no caso dos mozos e mozas londinienses, o uso de expresións vagas é tamén moi habitual no EM; entre elas podemos salienta os denominados ‘aproximadores’ (*montones/carros de*; 87), os nomes de referencia xenérica (*cosa, chisme, cacharro, rollo, movida*; 88 e 89) e os retrousos de enumeración final (*y esto y lo otro, o algo así, y cosas así, y todo eso, y demás, y ese tipo de cosa, y tal, etc.*; 90-93).

- (87) Dice que hay un *montón* de cosas que hacer (COLAm)
 (88) Y yo delante de un *chisme* de esos. (COLAm)
 (89) Eso me da mazo *cosa*. (COLAm)
 (90) Le dio una patada al perro y *eso*. (COLAm)
 (91) Es para ir a la piscina y *cosas así* sabes. (COLAm)
 (92) Iba ahí todos los días tres horitas *o algo así*. (COLAm)
 (93) Como ibas a verlo y *tal* a lo mejor... (COLAm)

Tamén, tal e como acontecía no IML, detectamos un elevado número de retrousos invariábeis, entre os máis frecuentes *eh* (94), con 3.672 exemplos, *sabes* (95) con 1.712, e *vale* (96) con 999. Teñen un papel máis secundario *verdad* (97) e *me entiendes* (98)¹¹.

- (94) Y tú no digas nada *eh*. (COLAm)
 (95) Pero no hace falta hacerlo tan así *sabes*. (COLAm)
 (96) y ahora me dejas en paz porque estoy leyendo marujadas *vale* (COLAm)
 (97) Están deliciosos *verdad*. (COLAm)
 (98) pero es como aquí que es todo más moderno *me entiendes*. (COLAm)

Obsérvase asemade un uso moi frecuente de vocativos nominais, familiarizadores e outros de carácter ofensivo (Stenström 2014: 67-69; Palacios Martínez 2021, 2023). Entre os primeiros, os máis populares, tal como se desprende da Táboa 9 máis abaixo, son *tío/a* (99), *tronco/a*, *chaval/a* (100), e *hombre*, cun rol máis secundario, por esta orde, *chico/a*, *niño/a* e *colega* (101). De feito, *tío/a/os/as* representa dous terzos do uso destes vocativos, cunha frecuencia normalizada por 10.000 palabras de 75,2, mentres que *tronco/a/os/as* acada unha porcentaxe de 15,6% e unha frecuencia normalizada de 18,5.

- (99) Os gustáis, qué tiene de malo *tía*. (COLAm)
 (100) *chaval!!!* Lo que has hecho es una puta pasada. (C. Tangana 07/07/2023)
 (101) Yo me he quedado flipado *colega*. (COLAm)

As mostras extraídas recentemente das redes sociais, das contas de Twitter (X) de C. Tangana e Samurai, indican que *tronco/a/os/as* está caendo en desuso; porén, *hermano/a/os/as* e a forma inglesa *bro* (102 e 103) están a adquirir un maior protagonismo (Palacios Martínez 2023).

- (102) Invítame a cantar *bro*. (Tangana 23/03/2023).
 (103) *Bro* el álbum el madrileño de C. Tangana es la pollísima. (Tangana 11/06/2023)

Táboa 9. Vocativos familiarizadores na lingua xuvenil madrileña (COLAm, 456.324 palabras)

VOCATIVO FAMILIARIZADOR	COLAM	%	FRECUENCIA NORMALIZADA POR 10.000 PALABRAS
<i>tío/a/os/as</i>	3.435	63,3	75,2
<i>tronco/a/os/as</i>	844	15,6	18,5
<i>chaval/a/es/as</i>	645	11,9	14,1
<i>hombre</i>	321	5,9	7
<i>chico/a/os/as</i>	84	1,6	1,8
<i>niño/a/os/as</i>	34	0,6	0,75
<i>colega/s</i>	32	0,59	0,7
<i>primo</i>	5	0,09	0,1
<i>muchacho/a/os/as</i>	4	0,06	0,08
<i>majo/a/os/as</i>	4	0,06	0,08

¹¹ De Luna (1996), Serrano (2001, 2002), e Cestero Mantera & Moreno Fernández (2008) ofrecen información moi relevante sobre os diferentes valores de *eh*, *sabes*, *vale* e *verdad*.

VOCATIVO FAMILIARIZADOR	COLAM	%	FRECUENCIA NORMALIZADA POR 10.000 PALABRAS
<i>guapo/a/os/as</i>	4	0,06	0,08
<i>nená</i>	4	0,06	0,08
<i>compañero/a/os/as</i>	2	0,03	0,04
<i>pavo/a/os/as</i>	2	0,03	0,04
<i>mujer</i>	2	0,03	0,04
<i>amigos</i>	1	0,01	0,02
<i>chata</i>	1	0,01	0,02
TOTAL	5.424	100	118,54

Dentro do segundo grupo, é dicir, dos ofensivos, podemos incluír, tal como se pode apreciar na [Táboa 10](#), unha longa listaxe; entre outros, *capullo/a*, *gilipollas*, *carapollas*, *desgraciado/a*, *mamahuevos*, *gay*, *maricón/a*, *hijo/a (de) puta/perra*, *idiota*, *subnormal*, *payaso/a*, *macho*, *cabezón*, *baboso*, *gordo/a*, *feo/a*, etc., ademais doutros con referencia animal como *cerdo/a*, *mono*, *cabrón/a*, *rata* e *zorra*. *Hijo/a (de) puta/perra*, *gilipollas*, *macho* e *cabrón/a* son os que obteñen unha proporción máis elevada. Con todo, a incidencia destes vocativos tabú é bastante reducida se se compara coa dos familiarizadores, tendo en conta que só *tío/tía/tíos/tías* acada unha frecuencia normalizada de 75,2 por 10.000 palabras fronte á frecuencia global de todo o grupo dos ofensivos, que non chega a 10.

Ao igual que acontecía no inglés, estes últimos non sempre se empregan cunha intención ofensiva, senón que en ocasións serven para reforzar os seus vínculos afectivos, como mostra de solidariedade e camaradería entre eles ([Breñes Peña 2007](#)), sendo incluso cualificados como “vocativos cariñosos” por [Rodríguez González \(2002: 48\)](#). Non é infrecuente atopar dous ou máis destes termos na mesma oración (104).

- (104) Vamos *guicho tronco*. (COLAm)
- (105) Es que te están grandes *capullo*. (COLAm)
- (106) Venga *maricón*. (COLAm)
- (107) Qué haces puto *cerdo*. (COLAm)
- (108) Qué haces *payaso*. (COLAm)

Moi populares entre os falantes madrileños de menor idade son as formas abreviadas ou truncadas e o uso de abreviaturas e acrónimos, como, por exemplo, *NPI* > ‘ni puta idea’, *piti* > ‘pitillo’, *insti* > ‘instituto’, *boli* > ‘bolígrafo’, *finde* > ‘fin de semana’, *biblio* > ‘biblioteca’, *bici* > ‘bicicleta’, *depre* > ‘depresión’, *mate* > ‘matemáticas’, *lite* > ‘literatura’, *simpa* > ‘sin pagar’ (109), *tranqui* > ‘tranquilo/a’ (110), *porfa* > ‘por favor’, *profe* > ‘profesor’.

- (109) Qué quieres que haga tía que haga un *simpa*? (COLAm)
- (110) Ja ja *tranqui* tronco. (COLAm)

Táboa 10. Vocativos tabú ou ofensivos na linguaxe xuvenil madrileña (COLAm, 456.324 palabras)

VOCATIVO OFENSIVO	COLAM	%	FRECUENCIA NORMALIZADA POR 10.000 PALABRAS
<i>hijo/ (de) puta</i>	91	20,2	1,9
<i>gilipollas</i>	69	15,3	1,5

VOCATIVO OFENSIVO	COLAM	%	FRECUENCIA NORMALIZADA POR 10.000 PALABRAS
<i>macho</i>	61	13,5	1,3
<i>cabrón/a</i>	48	10,7	1,05
<i>loco/a</i>	39	8,7	0,85
<i>maricón/a</i>	22	4,9	0,48
<i>subnormal</i>	18	4	0,39
<i>tonto/a</i>	15	3,4	0,32
<i>cerdo/a</i>	14	3,2	0,3
<i>idiota</i>	11	2,5	0,24
<i>gordo/a</i>	11	2,5	0,24
<i>zorra</i>	10	2,2	0,21
<i>cabezón</i>	7	1,6	0,15
<i>payaso/a</i>	6	1,4	0,13
<i>pijo/a</i>	4	0,9	0,08
<i>mamahuevos</i>	3	0,6	0,06
<i>feo/a</i>	3	0,6	0,06
<i>bobo/a</i>	3	0,6	0,06
<i>ahuevonado</i>	2	0,4	0,04
<i>cabra</i>	2	0,4	0,04
<i>melón</i>	2	0,4	0,02
<i>chavo</i>	1	0,2	0,01
<i>pirobo</i>	1	0,2	0,01
<i>rata</i>	1	0,2	0,01
<i>pelotas</i>	1	0,2	0,01
<i>guicho</i>	1	0,2	0,01
<i>baboso</i>	1	0,2	0,01
<i>desgraciado</i>	1	0,2	0,01
<i>imbécil</i>	1	0,2	0,01
<i>chulo</i>	1	0,2	0,01
<i>pringado</i>	1	0,2	0,01
TOTAL	451	100	9,52

Existen tamén cambios na pronuncia e na ortografía de determinadas palabras, por exemplo, *muxo* ('mucho'), *porfi* ('por favor'), *wapa* ('guapa'), *kedar* ('quedar'), *kasa* ('casa'), *vesre* ('revés'). Varias son as razóns que poden explicar esta práctica, entre elas o intento de aproximar a grafía á pronuncia, así como a necesidade de chamar a atención e de contravir as regras establecidas.

(111) Vamos a comer que hay *jambre*. (COLAm)

(112) Qué *paisa*? (COLAm)

(113) Cómo *andiamos*. (COLAm)

Abundan asemade as onomatopeas para representar diferentes sons e ruídos (como no caso do inglés), reforzando a dramatización do que se está a contar. Entre estas podemos

mencionar *crac, je je je, ja ja ja, pimba, plac plac, ra ra, paaf, bum, plas plas* (114), *glup* (115), *puff* (116), *mua* (117), *yu yu* (118) e *tun tun* (119), moitas delas repetidas en series de dous ou tres elementos.

- (114) y de repente se tira un gordo ϕ 'plas' y los dos al agua y yo me partía la risa (COLAm)
- (115) y de repente se oye como cuando hiciste lo de *glup*. (COLAm)
- (116) Qué serio tronco *puff*. (COLAm)
- (117) Fué como *mua mua* adiós ja ja ja ja. (COLAm)
- (118) Le haces unas rayitas *yu yu*. (COLAm)
- (119) peta peta tonight *tun tun turu tun tun*. (COLAm)

Xa, por último, atópanse recursos de derivación específicos deste grupo de idade, entre eles o uso de determinados prefixos (*mega-*, *super-*, *multi-*, *maxi-*, *anti-*, *mini-*) e sufixos (*-eta*, *-ato/a*, *-orro/a*, *-ote/a*, *-ito/a*, *-azo/a*, *-ero/a*, *ón/ona*): *superchungo* (120), *superguay*, *superfashion*, *megaideales*, *maxibufanda*, *multiaventura*, *antipepera*; *cabezón*, *cabezota*, *segurata*, *tocata*, *fumata*, *cafeta* (121), *mercata*, *ordenata*, *temazo*, *bolazos*, *chorrada*, *pedorro*, *salidorro* (122), *surfera*, *botellón*, *ascote* (123), *cojonudita*. En moitos casos estes recursos morfolóxicos son estratexias para intensificar o seu modo de expresión a través de aumentativos (*-azo/-aza*, *-ón/-ona*) ou prefixos que denotan tamaño grande como *mega-*, *super-*, *maxi-*, etc. Noutros casos estas desinencias derivativas poden servir para mostrar a actitude do falante con respecto a quen está a comunicar, positiva ou negativamente, ou simplemente para denotar informalidade na conversa.

- (120) Mañana tenemos un examen *superchungo* de ciencias naturales. (COLAm)
- (121) Se van a la *cafeta*, buena idea. (COLAm)
- (122) pues vaya mierda de enano tronca. qué *salidorro* ah bueno mi primo si que está salido chaval. (COLAm)
- (123) Me lo he comido por comérmelo pero me da un *ascote*. (COLAm)

5. CONCLUSIONES

As variedades lingüísticas da maior parte das cidades europeas, como Londres e Madrid, non se poden entender hoxe como comunidades monolingües senón como multietnolectos cunha elevada presenza de falantes novos e onde varias linguas entran en contacto e dalgún xeito interactúan. Identifícanse así prácticas similares no que se refire á toma de préstamos doutras linguas e á introdución de cambios a nivel sintáctico; entre estes poden mencionarse o uso de verbos e expresións citativas propias, a tendencia a intensificar máis a linguaxe a través de determinados adxectivos e expletivos, a preferencia pola vaguidade cunha alta incidencia de nomes de referencia xenérica e o uso de determinados retrousos finais enumerativos xunto con outros de natureza invariable, e a elevada presenza de vocativos familiarizadores e de carácter ofensivo que, en ocasións, comportan un valor afectivo. Isto tamén se aprecia a nivel morfosintáctico no que prevalecen en ámbolos dous casos determinados procesos de derivación con prefixos como *mega-*, *super-* *hiper-* de carácter aumentativo ou intensificador, e sufixos como *-eta*, *-ato/a*, *-orro/a*, *-ote/a*, *-ito/a*, *-azo/a* cun valor aumentativo ou diminutivo, e en ocasións cunha forte carga actitudinal por parte do falante, así como unha elevada presenza de formas truncadas e abreviaturas de uso habitual. Todo isto hai que enmarcalo dentro da

necesidade que teñen estes falantes mozos de contar co seu propio modo de expresión, que ten que diferir da lingua dos adultos e que lles serve para reforzar a súa entidade como grupo.

No IML a influencia de falantes de inglés como segunda lingua procedentes do Caribe, India, Asia e norte de África é máis evidente ca a presenza de falantes de español de América Latina no EM. Porén, no caso da variedade do español de Madrid, o inglés está a miúdo presente nas interaccións da mocidade debido ao seu papel como lingua global e á súa forte influencia no sistema educativo a través de programas pseudobilingües nos que se emprega como medio de instrución en diversas materias.

Os falantes novos son, con frecuencia, persoas moi abertas e receptivas a tendencias novas e foráneas nos ámbitos da tecnoloxía, música, moda, arte, etc., pero tamén ás influencias doutras variedades e linguas coas que conviven. Non se pode ignorar tampouco o impacto recente das redes sociais na lingua en xeral, co uso dun código específico no que o inglés ten un papel relevante, tanto que a súa pegada no modo de expresión dos adolescentes madrileños resulta máis que evidente.

Este traballo demostra igualmente como o contacto de linguas e unha poboación nova, social e etnicamente diversa, constitúen a combinación perfecta para a aparición do cambio e a innovación lingüística.

FINANCIAMENTO

Quixeramos mostrar o noso agradecemento ás seguintes institucións e entidades pola axuda económica recibida: Axencia Estatal de Investigación (proxectos de investigación PID2020-114604GB-I00 e PID2021-122267NB-I00, co-financiado con fondos FEDER) e Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (axudas ED431B 2021/02 e ED431B 2023/03).

Corpus e dicionarios utilizados Inglés

BNC = Consortium, *The British National Corpus* (BNC), XML Edition. 2007. Oxford Text Archive. <http://hdl.handle.net/20.500.12024/2554>. Reference Guide for the British National Corpus (XML Edition) edited by Lou Burnard, February 2007. <http://www.natcorp.ox.ac.uk/XMLedition/URG/>, [08/01/2024]

COLT = The Bergen Corpus of London Teenage Language. Stenström, Anna-Brita, Gisle Andersen e Ingrid Hasund. 1990. <http://korpus.uib.no/icame/colt/>. [08/01/2024]

DCPSE = The Diachronic Corpus of Present-Day Spoken English. 2004. Bas Aarts, Sean Wallis, Dirk Bury, Lesley Kirk, Yordanka Kostadinova-Kavalova, Ann Law & Gabriel Ozón. Survey of English Usage. University College London. <https://www.ucl.ac.uk/english-usage/projects/dcpse/research.htm>. [07/04/2024]

LEC = *London English Corpus*. 2004-2010. Cheshire, Jenny, Paul Kerswill, Susan Fox & Eivind Torgersen. "Contact, the feature pool and the speech community: The emergence of Multicultural London English. *Journal of Sociolinguistics* 15(2), 151-196. <http://dx.doi.org/10.1111/j.1467-9841.2011.00478.x> [08/01/2024]

OED = Oxford English Dictionary. Oxford University Press. <https://www.oed.com/?tl=true>. [08/01/2024]

Urban Dictionary. <https://www.urbandictionary.com/>. [08/01/2024]

Saarbrücken Corpus of Spoken English (ScoSE). 2008. Norrick, Neal. Saarland University. <https://ca.talkbank.org/access/SCoSE.html>. [08/04/2024]

Español

COLAm= Hofland, Knut, Annette Jörgensen, Anna-Brita Stenström, Marie Drange. 2002-2007. COLAm (Corpus de Lenguaje Adolescente de Madrid). Universidade de Bergen. <https://blogg.hiof.no/colam-esp/el-corpus-cola/>. [08/01/2024]

CREA = Real Academia Española. CREA (Corpus de Referencia del Español Actual). <https://www.rae.es/banco-de-datos/crea>. [08/01/2024]

CORPES XXI = Real Academia Española. CORPES XXI (Corpus del Español del Siglo XXI). <https://www.rae.es/corpes/>. [08/01/2024]

Referencias bibliográficas

Aijmer, Karin. 2013. *Understanding Pragmatic Markers*. Edinburgh: Edinburgh University Press. <http://dx.doi.org/10.1515/9780748635511>

Androutsopoulos, Jannis K. & Alexandra Georgakopoulou. 2003. *Discourse Constructions of Youth Identities*. Amsterdam: John Benjamins. <http://dx.doi.org/10.1075/pbns.110>

Auer, Peter. 1998 (ed.). *Code-Switching in Conversation. Language, Interaction and Identity*. London: Routledge. <http://dx.doi.org/10.4324/9780203017883>

Baugh, Albert & Thomas Cable. 1993. *A History of the English Language*. London: Routledge. <http://dx.doi.org/10.4324/9780203994634>

Breñes Peña, María Ester. 2007. Los insultos entre los jóvenes: La agresividad verbal como arma para la creación de una identidad grupal. *Interlingüística* 17, 200-210. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2316886>

Camargo Fernández, Laura & Ana María Grimalt Crespo. 2022. Nuevas y viejas funciones de *en plan*. Estudio microdiacrónico en corpus orales y digitales del castellano de Mallorca en el siglo XXI. *Revista de Investigación Lingüística* 25, 15-42. <http://dx.doi.org/10.6018/ril.537931>

Cestero Mantera, Ana María & Francisco Moreno Fernández. 2008. Usos y funciones de 'vale' y '¡venga!' en el habla de Madrid. *Boletín de Lingüística* 20(29), 65-84. http://ve.scielo.org/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0798-97092008000100003&lng=es&tlng=es

Channel, Joanna. 1994. *Vague Language*. Oxford: Oxford University Press.

Cheshire, Jenny. 2013. Grammaticalisation in social context: The emergence of a new English pronoun. *Journal of Sociolinguistics* 17(5), 608-633. <http://dx.doi.org/10.1111/josl.12053>

Cheshire, Jenny, Paul Kerswill, Susan Fox & Eivind Torgersen. 2011. Contact, the feature pool and the speech community: The emergence of Multicultural London English. *Journal of Sociolinguistics* 15(2), 151-196. <http://dx.doi.org/10.1111/j.1467-9841.2011.00478.x>

Clyne, Michael. 2000. Lingua franca and ethnolects in Europe and beyond. *Sociolinguistica* 14(1), 83-89. <http://dx.doi.org/10.1515/9783110245196.83>

- De Luna, Carmen. 1996. Cualidades gramaticales y funcionales de las interjecciones. En Thomas Kotschi, Wulf Oesterreicher & Klaus Zimmermann (eds.), *El español hablado y la cultural oral en España e Hispanoamérica*. 71-94. Frankfurt am Main: Vervuert Verlag.
- Drange, Elie M. 2009. *Anglicismos en el lenguaje juvenil chileno y noruego. Un análisis comparativo*. Bergen: The University of Bergen. [Tese de doutoramento]. <https://hdl.handle.net/1956/3630> [28/12/2023].
- Drummond, Rob. 2017. (Mis)interpreting urban youth language: White kids sounding black? *Journal of Youth Studies* 20(5), 640-660. <http://dx.doi.org/10.1080/13676261.2016.1260692>
- Fox, Susan. 2015. *The New Cockney: New Ethnicities and Adolescent Speech in the Traditional East End of London*. London: Palgrave. <http://dx.doi.org/10.1057/9781137318251>
- Furiassi, Cristiano & Henrik Gottlieb (eds.). 2015. *Pseudo-English. Studies on False Anglicisms in Europe*. Berlin: De Gruyter Mouton. <http://dx.doi.org/10.1515/9781614514688>
- García, Ofelia & Li Wei. 2014. *Translanguaging*. New York: Palgrave. <http://dx.doi.org/10.1057/9781137385765>
- Gavilanes Franco, Emilio & Elena Cianca Aguilar. 2018. Voces y expresiones del argot juvenil madrileño actual. *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación* 74, 147-168. <http://dx.doi.org/10.5209/clac.60518>
- Hofland, Knut, Annette M. Jørgense, Eli-Marie Drange & Anna-Brita Stenström. 2005. COLA: A Spanish spoken corpus of youth language. *Proceedings from the Corpus Linguistics Conference Series* 1(1). Birmingham: University of Birmingham, Centre for Corpus Research. <https://www.birmingham.ac.uk/documents/college-artslaw/corpus/conference-archives/2005-journal/spokendisclosure/cl-195-pap-cola.doc> [28/12/2023].
- Jørgensen, Annette M. 2009. *En plan* used as a hedge in Spanish teenage language. En Anna-Brita Stenström & Annette M. Jørgensen (eds.), *Youngspeak in a Multilingual Perspective*. 95-115. Amsterdam: John Benjamins. <http://dx.doi.org/10.1075/pbns.184.08jor>
- Kerswill, Paul, Jenny Cheshire, Sue Fox & Eivind Torgersen. 2013. English as a contact language: The role of children and adolescents. En Daniel Schreier & Marianne Hundt (eds.), *English as a Contact Language*. 258-282. Cambridge: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/cbo9780511740060.015>
- Lasagabaster, David & Yolanda Ruiz de Zarobe (eds.). 2010. *CLIL in Spain. Implementation, Results and Teacher Training*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing.
- Lorenzo, Emilio. 1999. *Anglicismos hispánicos*. Madrid: Gredos.
- Love, Robbie. 2021. Swearing in informal spoken English: 1990s–2010s. *Text and Talk* 41(5-6), 739-762. <http://dx.doi.org/10.1515/text-2020-0051>
- Luján García, Carmen. 2013. El impacto del inglés y el empleo de anglicismos entre los jóvenes españoles. *Hipertexto* 17, 177-202. <http://hdl.handle.net/10553/58610> [28/12/2023].
- Mauranen, Anna. 2009. *English as a Lingua Franca. Studies and Findings*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing.
- Milroy, James. 2000. Historical description and the ideology of the standard language. En Laura Wright (ed.), *The Development of Standard English, 1300-1800: Theories*,

Descriptions, Conflicts. 11-28. Cambridge: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/cbo9780511551758.002>

Muysken, Pieter. 1995. Code-switching and grammatical theory. En Leslie Milroy & Pieter Muysken (eds.), *One Speaker, Two Languages*. 177-198. Cambridge: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/cbo9780511620867.009>

Nord, Magni. 2006. En plan *en plan científico*. *Las funciones de en plan en el lenguaje juvenil de Madrid: estudio descriptivo*. Bergen: The University of Bergen. [Traballo fin de master inédito].

Nortier, Jacomine & Bente A. Svendsen (eds.). 2015. *Language, Youth and Identity in the 21st Century. Linguistic Practices across Urban Spaces*. Cambridge: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/CBO9781139061896>

Núñez Pertejo, Paloma & Ignacio M. Palacios Martínez. 2014. *That's absolutely crap, totally rubbish*. The use of the intensifiers *absolutely* and *totally* in the spoken language of British adults and teenagers. *Functions of Language* 21(2), 210-237.

Núñez Pertejo, Paloma & Ignacio M. Palacios Martínez. 2018. Intensifiers in Multicultural London English: New trends and developments. *Nordic Journal of English Studies* 17(2): 116-155.

Overstreet, Maryann. 1999. *Whales, Candlelight and Stuff like That. General Extenders in English Discourse*. Oxford: Oxford University Press. <http://dx.doi.org/10.1093/oso/9780195125740.001.0001>

Palacios Martínez, Ignacio M. 2010. *It ain't nothing to do with my school*. Variation and pragmatic uses of *ain't* in the language of British English teenagers. *English Studies* 91(5), 548-566.

Palacios Martínez, Ignacio M. 2011. The expression of negation in British teenagers' language: A preliminary study. *Journal of English Linguistics* 39(1), 4-35.

Palacios Martínez, Ignacio M. 2013. Zero quoting in the speech of British and Spanish teenagers: A contrastive corpus-based study. *Discourse Studies* 15(4), 439-462.

Palacios Martínez, Ignacio M. 2014. The quotative system in Spanish and English youth talk. A contrastive corpus-based study. *Miscelánea: A Journal of English and American Studies* 49, 95-114.

Palacios Martínez, Ignacio M. 2016. *He don't like football, does he?* A corpus-based study of third person singular *don't* in the language of British teenagers". En Elena Seoane & Cristina Suárez-Gómez (eds.), *World Englishes: New Theoretical and Methodological Considerations (Varieties of English around the World)*. 61-84. Amsterdam & Philadelphia: Benjamins.

Palacios Martínez, Ignacio M. 2018a. Lexical innovation in the language of teenagers. A cross-linguistic perspective. En Arne Ziegler, (ed.), *Jugendsprachen: Aktuelle Perspektiven internationaler Forschung* [Youth languages: Current perspectives in international research']. 363-390. Berlin: Mouton de Gruyter.

Palacios Martínez, Ignacio M. 2018b. "Help me move to that, blood". A corpus-based study of the syntax and pragmatics of vocatives in the language of British teenagers. *Journal of Pragmatics* 130, 33-50.

- Palacios Martínez, Ignacio M. 2019. *Vernon never called for me yesterday*. A study of *never* as a marker of negation in the English of London adults and teenagers. *English Text Construction* 12(2), 291-319.
- Palacios Martínez, Ignacio M. 2021. Taboo vocatives in the language of London teenagers. *Pragmatics* 31(2), 250-277. <https://doi.org/10.1075/prag.19028.pal>
- Palacios Martínez, Ignacio M. 2023. A syntactic and pragmatic study of nominal vocatives in the Twitter exchanges of rappers' fans. *Journal of Pragmatics* 207, 93-110. DOI 10.1016/j.pragma.2023.02.004.
- Palacios Martínez, Ignacio M. & Paloma Núñez Pertejo. 2015. *Go up to Miss Thingy; he's probably like a whatsit or something*. Placeholders in focus: The differences in use between teenagers and adults in spoken English. *Pragmatics. Quarterly Publication of the International Pragmatics Association* 25(3), 425-451.
- Pichler, Heike. 2021. Grammaticalization and language contact in a discourse-pragmatic change in progress: The spread of *innit* in London English. *Language and Society* 50(5), 723-761. <http://dx.doi.org/10.1017/s0047404521000257>
- Rampton, Ben. 2015. Contemporary urban vernaculars. En Jacomine Nortier & Bente A. Svendsen (eds.), *Language, Youth and Identity in the 21st Century. Linguistic Practices across Urban Spaces*. 24-44. Cambridge: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/cbo9781139061896.003>
- Rampton, Ben. 2017. *Crossing: Language and Ethnicity among Adolescents*. London: Routledge. <http://dx.doi.org/10.4324/9781315205915>
- Rodríguez Abruñeiras, Paula. 2015. *De función adverbial a marcador del discurso: Origen, gramaticalización y uso actual de 'en plan (de)' en el español peninsular*. Milwaukee: University of Wisconsin-Milwaukee. [Trabajo fin de máster]. <https://dc.uwm.edu/etd/834> [27/12/2023].
- Rodríguez Abruñeiras, Paula. 2020. "Me vais a permitir que me ponga *en plan* profesor". Las funciones de *en plan (de)* en un estudio de corpus. *Revista Española de Lingüística Aplicada. Spanish Journal of Applied Linguistics* 33(1), 278-301. <http://dx.doi.org/10.1075/resla.17061.rod>
- Rodríguez González, Félix (ed.). 2002. *El lenguaje de los jóvenes*. Barcelona: Ariel.
- Rodríguez González, Félix & Anna-Brita Stenström. 2011. Expressive devices in the language of English- and Spanish-speaking youth. *Revista Alicantina de Estudios Ingleses* 24, 235-256. <http://dx.doi.org/10.14198/raei.2011.24.10>
- Seidlhofer, Barbara. 2011. *Understanding English as a Lingua Franca. A Complete Introduction to the Theoretical Nature and Practical Implications of English Used as a Lingua Franca*. Oxford: Oxford University Press.
- Serrano Montesinos, María José. 2001. The socio-communicative function of two discourse markers in Spanish. *Estudios de sociolingüística: Linguas, sociedades e culturas* 2(1), 101-122.
- Serrano Montesinos, María José. 2002. *Aproximaciones a la gramática del discurso del español*. München: Lincom Europa.

- Shepherd, Elizabeth & Victoria Ainsworth. 2017. *An Evaluation of English Language Capability*. Madrid: British Council. https://www.britishcouncil.org/sites/default/files/g303_03_english_impact_report_madrid_web1.pdf [27/12/2023].
- Spiegel, Carmen & Daniel Gysin (eds.). 2016. *Jugendsprache in Schule, Medien und Alltag*. Frankfurt am Main: Lang Verlag. <http://dx.doi.org/10.3726/978-3-653-04950-3>
- Stenström, Anna-Brita. 2014. *Teenage Talk: From General Characteristics to the Use of Pragmatic Markers in a Contrastive Perspective*. Basingstoke: Palgrave Macmillan. <http://dx.doi.org/10.1057/9781137430380>
- Stenström, Anna-Brita. 2021. English-and Spanish-speaking teenagers' use of rude vocatives. En Nico Nassenstein & Anne Storch (eds.), *Swearing and Cursing. Contexts and Practices in a Critical Linguistic Perspective*. 281-302. Berlin: De Gruyter Mouton. <http://dx.doi.org/10.1515/9781501511202-013>
- Stenström, Anna-Brita, Gisle Andersen & Ingrid Hasund. 2002. *Trends in Teenage Talk: Corpus Compilation, Analysis and Findings*. Amsterdam: John Benjamins. <http://dx.doi.org/10.1075/scl.8>
- Stenström, Anna-Brita & Annette M. Jørgensen (eds.). 2009. *Youngspeak in a Multilingual Perspective*. Amsterdam: John Benjamins. <http://dx.doi.org/10.1075/pbns.184>
- Tagliamonte, Sali. *Teen Talk*. 2016. Cambridge: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/CBO9781139583800>
- Torgersen, Eivind, Costas Gabrielatos & Sebastian Hoffman. 2017. Corpus-based analysis of the pragmatic marker *you get me*. En Eric Friginal (ed.), *Studies in Corpus-Based Sociolinguistics*. 176-196. Oxford: Routledge. <http://dx.doi.org/10.4324/9781315527819-7>
- Wiese, Heike. 2009. Grammatical innovation in multiethnic urban Europe: New linguistic practices among adolescents. *Lingua* 119, 782-806. <http://dx.doi.org/10.1016/j.lingua.2008.11.002>
- Zimmermann, Klaus. 2009. A theoretical outline for comparative research on youth language: With an outline of diatopic-contrast research within the Hispanic world. En Ana-Britta Stenström & Annette M. Jørgensen (eds.), *Youngspeak in a Multilingual Perspective*. 119-136. Amsterdam: John Benjamins. <http://dx.doi.org/10.1075/pbns.184.10zim>